

MATRÍCULA ANTICIPADA E ORDINARIA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE CONVOCATORIA DE SETEMBRO DE 2014

A Orde do 24 de marzo de 2011 (DOG do luns, 4 de abril de 2011), pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia, establece no seu articulado que o modelo de actuación e a organización das probas de acceso á universidade no Sistema Universitario de Galicia será competencia da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG).

Sendo necesario realizar unha matrícula, a efectos organizativos esta **Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) RESOLVEU convocar a Matrícula Anticipada e Ordinaria** para a realización dos exercicios correspondentes á Proba de Acceso á Universidade, na **convocatoria extraordinaria [setembro de 2014]**, conforme as seguintes:

B A S E S

1.- QUEN SE PODE MATRICULAR, PRAZO DE MATRÍCULA, LUGAR E HORARIO

A) MATRÍCULA ANTICIPADA: Poderanse matricular no prazo de Matrícula Anticipada, do 1 ao 11 de setembro as persoas que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Alumnado do SUG que teña aprobado o Bacharelato ou equivalente en convocatorias anteriores, pero non a PAU.
- Alumnado do SUG ou de distritos universitarios de fóra de Galicia que tendo aprobada a PAU desexe mellorar a súa cualificación. (O alumnado de distritos universitarios de fóra de Galicia deberá acreditar a súa residencia nesta CC.AA.).
- Alumnado procedente de sistemas educativos de estados membros da UE ou de estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades. Poderán matricularse unicamente da Fase Específica.
- Alumnado procedente de ordenacións educativas anteriores (PREU, COU, LOXSE, MÚSICA E DANZA) en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente.
- Alumnado de FP que estea en posesión do título de TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño ou T. Deportivo Superior ou equivalentes. (Fase Específica da PAU). (O alumnado de fóra de Galicia deberá acreditar a súa residencia nesta CC.AA.).

Esta matrícula efectuarase **preferentemente a través da aplicación Nerta** ou nos LERD correspondentes (especificanse no **Anexo I**), que son os Lugares de Entrega e Recollida de Documentación habilitados en cada un dos sete campus de Galicia en horario de 9,00 a 14,00 horas.

B) MATRÍCULA ORDINARIA: Poderanse matricular no prazo de Matrícula Ordinaria, o 11 de setembro, as persoas que se atopen na seguinte situación:

- Alumnado do SUG que teña superado o Bacharelato na convocatoria de setembro de 2014.

PROCEDEMENTO:

1º) PREMATRÍCULA POLO ALUMNADO NOS CENTROS DE SECUNDARIA: no prazo do 8 ao 9 de setembro, o alumnado que desexe presentarse ás PAU 2014 deberá efectuar a súa matrícula no correspondente centro de Educación Secundaria.

2º) MATRÍCULA NOS LERDs POLOS CENTROS: Finalizado o proceso de prematrícula do alumnado, os centros de Educación Secundaria **enviarán ou entregarán** no LERD correspondente a documentación para a matrícula, en horario de 9.00 a 14.00 dentro do prazo establecido (**11 de setembro**).

C) MATRÍCULA EXTRAORDINARIA: Poderanse matricular **no prazo de Matrícula Extraordinaria, o día 15 de setembro** (das 9.00 ás 14.00 h.) o alumnado do SUG que aprobe o segundo curso de bacharelato despois da resolución emitida pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación e Innovación Educativa das reclamacións ás cualificacións do Bacharelato.

2.- DOCUMENTOS PARA REALIZAR A MATRÍCULA

- Comúns para todos os estudantes:

- * Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
- * Resgardo acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula.
- * Impresos de prematrícula e matrícula na PAU: se deberán cubrir os datos persoais, académicos e de matrícula para a PAU.

(Utilizárase para isto unicamente o impreso oficial que se facilitará nos centros de ensino secundario, nos Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERD) ou que se xerará a través da aplicación Nerta).

Específicos:

a) Alumnado do SUG que teña superado o Bacharelato na convocatoria de setembro de 2014:

- * Fotocopia do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resgardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste. De cara a axilizar o proceso, estes resgardos individualizados pódense substituír por unha certificación do centro na que conste que todos os alumnos/as teñen feito o depósito do título do Bacharelato.
- * Os/as **representantes dos centros** acompañarán a matrícula dunha **listaxe de alumnos matriculados na PAU** con indicación do DNI, apelidos e nome, materia de modalidade elixida na fase xeral, lingua estranxeira, modalidade de texto elixido (filosófico ou histórico), exención de Lingua Galega (se é o caso) e importe das taxas aboadas ou xustificante de exención (se é o caso). Este listado poderá ser xerado a través da aplicación informática Nerta.

b) Alumnado do SUG que teña aprobado o Bacharelato ou equivalente en anos anteriores, pero non a PAU:

- * Fotocopia compulsada do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resgardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste.
- * Certificación expedida polo Centro onde consten as cualificacións dos dous cursos do Bacharelato ou equivalente.

O alumnado de **Bacharelato LOXSE/LOE** ou **COU** presentárase á PAU polo mesmo centro no que cursase o segundo curso do Bacharelato ou o COU, agás os que teñan solicitado presentarse polo centro máis próximo ao seu lugar de residencia.

c) Alumnado que tendo aprobada a PAU desexe mellorar a súa cualificación. (O alumnado de distritos universitarios de fóra de Galicia deberá acreditar a súa residencia nesta CC.AA.):

- * Fotocopia compulsada da Tarxeta de Cualificación da PAU.
- * Acreditación da súa residencia actual en Galicia en caso de non ser alumno/a do SUG.
- * Resolución da Inspección da Consellería de adscrición ao centro polo que concorrerá á proba.



d) Alumnado procedente de sistemas educativos de estados membros da Unión Europea ou estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades. Poderán matricularse unicamente da Fase Específica:

- * Credencial expedida pola UNED na que conste que o alumnado cumpre os requisitos de acceso á universidade no sistema educativo de orixe
- * Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma.

e) Alumnado de Música e Danza:

- * Resolución da Inspección de Bacharelato de adscrición ao centro polo que concorrerá á proba.
- * Certificación de estar en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente.
- * Certificación das cualificacións obtidas nos seus estudos do 3º Ciclo de Música ou Danza.

f) Alumnado de FP que estea en posesión do título de TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño ou T. Deportivo Superior ou equivalente. (Fase Específica da PAU). (O alumnado de fóra de Galicia deberá acreditar a súa residencia nesta CC.AA.):

- * Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, segundo o modelo oficial que se facilitará pola CiUG aos centros.
- * Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, para os estudantes de Ciclos Formativos de Grao Superior na certificación deberán constar as cualificacións obtidas nos Módulos **en caso de non ser alumno/a do SUG**.
- * Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.
- * Acreditación da súa residencia actual en Galicia **en caso de non ser alumno/a do SUG**.

3.- REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN

- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN: de conformidade co disposto no *artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*, os **documentos que se dirixan a esta Comisión**, ademais de nos LERDs indicados no **Anexo I**, poderán presentarse nalgún dos seguintes rexistros:

- a) Nos Rexistros xerais das tres universidades do SUG ou nos rexistros auxiliares.
- b) Nos Rexistros oficiais da Administración Xeral do Estado ou das Comunidades Autónomas.
- c) Nos Rexistros de entidades que integran a Administración Local, sempre que se asinase o oportuno convenio.
- d) Nas Oficinas de correos de España, na forma que regulamentariamente está establecida.
- e) Nas Representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

- COMPULSAS OU COTEXO DE DOCUMENTOS EXPEDIDOS EN ESPAÑA: só serán válidas as compulsas que realicen os seguintes órganos ou unidades administrativas:

- a) Rexistros relacionados no apartado anterior.
- b) Unidade administrativa onde se tramita o expediente.
- c) Organismo español que expediu o documento.
- d) Notarios españois.
- e) Representación diplomática española, no caso de que se presente no estranxeiro.



Non se admitirá ningún documento compulsado ou cotexado por órganos ou unidades administrativas distintas ás citadas neste apartado. Neste caso, requerirase a presentación do orixinal para a súa comprobación pola unidade administrativa que ten encomendada a súa tramitación. Tamén se requerirá a presentación do orixinal cando nas copias compulsadas non se identifique claramente o organismo que expide a compulsa ou o cargo, nome e apelidos de quen as asina.

4.- PREZOS PÚBLICOS

De conformidade co disposto no Decreto 115/2010, do 8 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 135 do luns, día 16 de xullo de 2012), o importe do prezo de matrícula para estas probas é de **63,67 euros**.

O aboamento de prezos deberá facerse no impreso establecido.

- Exencións:

- Familia numerosa *	- Categoría Xeral	31,84 euros
- Familia numerosa**	- Categoría Especial	Gratuíta
- Persoal das Universidades do SUG***		Gratuíta

* Os beneficiarios/as de Familia Numerosa de Categoría Xeral deberán achegar, no momento da matrícula, xunto co xustificante bancario, fotocopia compulsada do carné de Familia Numerosa.

** Os beneficiarios/as de Familia Numerosa de Categoría Especial deberán achegar, no momento da matrícula, fotocopia compulsada do carné de Familia Numerosa.

*** O Persoal docente e de administración e servizos, os seus fillos, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación, das tres Universidades de Galicia terá a matrícula gratuíta. A gratuidade deberá acreditarse mediante certificación dos respectivos Servizos de Persoal e, no caso de cónxuxe e fillos, ademais, por medio da fotocopia do Libro de Familia.

5.- PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DE MATRICULADOS

O **alumnado** deberá revisar os datos contidos nas listaxes de matriculados que se farán públicos nos centros de ensino secundario o día 12 de setembro a partir das 9,00 horas, puidendo interpoñer reclamación aos mesmos ese mesmo día 12 en horario de 9.00 a 14.00 no seu centro.

6.- EXAMES. GRUPOS DE ALUMNOS E CENTROS NOS QUE SE INTEGRAN

O alumnado matriculado nestas probas convócase para realizar os correspondentes exercicios formando grupos, integrado cada un deles por centros de ensino secundario e distribuídos por Comisións Delegadas e Centros Universitarios segundo se indica no **Anexo II**.

7.- CALENDARIO E HORARIO DOS EXAMES

- . **Calendario:** os exames terán lugar os **días 17, 18 e 19 de setembro**.
- . **Horario:** o horario dos exames especificase no **ANEXO III**.

8.- PRESENTACIÓN DOS ALUMNOS/AS AOS EXAMES

Todos os alumnos/as deberán acudir á presentación o primeiro día as 9.00 h. da mañá e logo presentarse á realización dos exercicios á hora convocada para o comezo de cada un deles, e deberán concorrer provistos do DNI ou pasaporte, pluma ou bolígrafo, e de material axeitado para realizar as probas correspondentes ás materias de Debuxo e ás específicas da modalidade de Artes do Bacharelato, así como dicionarios de Latín e Grego para a realización dos exames.

9.- PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DOS EXAMES

Unha vez rematadas as probas, as cualificacións obtidas polo alumnado faranse públicas na Internet o día **25 de setembro**, a partir das 20,00 horas.



Os centros de ensino secundario poderán consultar e imprimir unha **copia da acta de cualificacións da PAU** correspondente ao seu centro directamente a través da aplicación informática NERTA.

O día **3 de outubro** faranse públicas as cualificacións despois da resolución das solicitudes de segunda corrección e das solicitudes de reclamación (a partir das 13,00 horas).

As cualificacións definitivas despois das reclamacións ao resultado da segunda corrección faranse públicas o día **9 de outubro** (a partir das 14,00 horas).

10.- ENTREGA DAS TARXETAS DE CUALIFICACIÓN

O día **29 de setembro**, os LERDs enviarán por correo aos centros de ensino secundario as *Tarxetas de Cualificación da PAU*.

Posteriormente, o día **3 de outubro**, os LERDs remitirán aos centros de ensino secundario as *Tarxetas de Cualificación da PAU con modificación de nota despois do primeiro prazo de revisión das cualificacións*.

Finalmente, o día **9 de outubro**, os LERD remitirán aos centros de ensino secundario as *Tarxetas de Cualificación da PAU con modificación de nota despois da segunda revisión das cualificacións*.

11.- REVISIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

- **SOLICITUDES DE RECLAMACIÓN E SEGUNDA CORRECCIÓN (primeiro prazo):** unha vez publicadas as cualificacións das probas, o alumnado, cando considere incorrecta a aplicación dos criterios xerais e específicos de corrección, poderá presentar no prazo de tres días hábiles contados a partir da data de publicación das cualificacións, **solicitud de segunda corrección** a unhas materias e **solicitud de reclamación** a outras materias distintas. O alumnado **non poderá presentar simultaneamente** solicitude de dobre corrección e solicitude de reclamación **sobre unha mesma materia**.

O **prazo de presentación das solicitudes de segunda corrección/reclamación**, perante o presidente do Tribunal Único, será de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación das cualificacións (**do 29 de setembro ao 1 de outubro**).

Os exercicios sobre os que se presente a solicitude de reclamación serán revisados por un profesor ou profesora especialista distinto ao que realizou a primeira corrección, co obxecto de verificar que todas as cuestións foran avaliadas cunha correcta aplicación dos criterios xerais de avaliación e específicos de corrección, así como a comprobación de que non existan erros materiais no proceso de cálculo da cualificación final. A cualificación definitiva da materia será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior á outorgada despois da primeira corrección, agás nos casos de erros de suma no que a cualificación será a que resulte correcta.

Os exercicios sobre os que se solicítase a dobre corrección serán corrixidos por un profesor/a especialista distinto ao que realizou a primeira corrección. A cualificación resultará da media aritmética de ambas as correccións, agás nos casos de erros de suma, en que a cualificación será a que resulte correcta e non a media aritmética.

No suposto de que existise unha diferenza de dous ou máis puntos entre ambas as cualificacións, un tribunal distinto efectuará unha terceira corrección. A cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións.

Este procedemento efectuarase no prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir da data de finalización do prazo establecido anteriormente.

- **SOLICITUDES DE RECLAMACIÓN Á SEGUNDA CORRECCIÓN (segundo prazo):** No prazo de tres días hábiles contados a partir da data de publicación da resolución da segunda corrección (**do 6 ao 8 de outubro**), o alumnado que non estea conforme coa cualificación poderá presentar, ante a Comisión Organizadora, **solicitud de reclamación sobre materias nas que previamente solicitase segunda corrección**. A cualificación será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior á outorgada despois da dobre corrección, agás nos casos de erros de suma, en que a cualificación será a que resulte correcta.

As **solicitudes de segunda corrección** e de **reclamación** poderanse facer a través da **aplicación informática Nerta**, empregando o **código de acceso** que aparece no resguardo da matrícula para a PAU, ou nos **Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERD)**, solicitando e empregando os **impresos específicos**. No caso de presentar as solicitudes na Internet, o alumnado deberá imprimir copia da súa solicitude en calidade de resguardo e xustificación de presentación da mesma.





Contra a resolución adoptada pola Comisión Organizadora, que porá fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia Comisión. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

12.- COMISIÓN ESPECIAL PARA ALUMNOS CON MINUSVALÍA QUE O SOLICITEN

Habilitarase unha Comisión Delegada no centro "CPR Santiago Apóstol - ONCE" (Pontevedra), onde o alumnado que expresamente o solicite e o acredite convenientemente terá a posibilidade de dispoñer das adecuacións de tempo e medios que permitan ao alumno/a con minusvalía facer as probas en igualdade de condicións que o resto do alumnado.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2014

Presidente da CiUG

ANTÓN FERNÁNDEZ ALVAREZ

SRES/AS. ENCARGADOS/AS. DOS LERDs.-

SRES/AS. DIRECTORES/AS. DE CENTROS DE BACHARELATO LOE E FORMACIÓN PROFESIONAL.-



ANEXO I - LERDs

LUGARES DE ENVÍO E RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN

Universidade de Santiago de Compostela

LERD 1 CAMPUS DE SANTIAGO

Servizo de Xestión Académica
Pavillón Estudiantil, 2º piso - Campus Vida
15782 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Telf. Información OIU: 881 81 20 00 / 81 10 00
Fax: 881 81 48 55
sxa@usc.es

LERD 2 CAMPUS DE LUGO

Edificio Biblioteca Intercentros, planta baixa
Campus Universitario
27002 – LUGO

Telf.: 982 28 59 00 Ext.: 23577 / 23578
Fax: 982 823560
sxa.lugo@usc-es

Universidade da Coruña

LERD 3 CAMPUS DE ELVIÑA - A CORUÑA

Pavillón de Estudantes
Campus de Elviña
15192 - A CORUÑA

Telf.: 981 16 71 96
Fax: 981 16 71 98
lerdcoruna@udc.es

LERD 4 CAMPUS DE FERROL

Campus de Esteiro
Edificio de Apoio ao Estudo, planta baixa
15403 – FERROL

Telf.: 981 33 74 51
Fax: 981 33 74 17
lerdfer@udc.es

Universidade de Vigo

LERD 5 CAMPUS DE VIGO

Edificio Miralles, aula 4
Campus Universitario – Lagoas Marcosende
36310 – VIGO

Telf.: 986 81 36 30 / 81 37 55
Fax: 986 81 36 39
siope@uvigo.es

LERD 6 CAMPUS DE OURENSE

Unidade Administrativa - Área de Servizos á Comunidade
Campus As Lagoas
32004- OURENSE

Telf.: 988 38 71 02
Fax: 988 38 71 65
siope-ou@uvigo.es

LERD 7 CAMPUS DE PONTEVEDRA

E.U. de Enxeñaría Técnica Forestal
Área de Servizos á Comunidade
Campus A Xunqueira
36005- PONTEVEDRA

Telf.: 986 80 19 49
Fax: 986 80 20 60
siope-po@uvigo.es

ANEXO II

COMISIÓNS DELEGADAS

(SETEMBRO 2014)

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Facultade de Dereito (CD 1, 3 e 5)

Campus Universitario Sur. Tel. 981.56.31.00 ext. 14626. Fax. 981.59.15.54

Comisión Delegada nº 1

(111)	IES Camilo José Cela
(112)	IES nº 1 de Ribeira
(116)	IES Virxe do Mar
(148)	IES A Pontepedriña
(160)	IES de Sar
(197)	IES San Clemente
(411)	IES Ramón María Aller Ulloa
(521)	CPR Seminario Menor da Asunción
(522)	CPR Alca
(533)	CPR Juniors
(942)	CPR Tesdai
(978)	CPR Fesán

Facultade de Dereito (Santiago)

Padrón	(A Coruña)
Ribeira	(A Coruña)
Noia	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)
Lalín	(Pontevedra)
Santiago	(A Coruña)
Ames	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)

Comisión Delegada nº 3

(113)	IES Arcebispo Xelmírez I
(129)	IES Praia Barraña
(140)	IES Antonio Fraguas Fraguas
(149)	IES Terra do Xallas
(156)	IES do Milladoiro
(172)	IES Leliadoura
(199)	IES Brión
(519)	CPR Manuel Peleteiro
(520)	CPR San Pelayo
(543)	CPR Santa Apolonia
(903)	CIFP Politécnico de Santiago
(939)	CFEA de Sergude
(941)	CPR O Raio Verde
(987)	Escola de Arte "Mestre Mateo"

Facultade de Dereito (Santiago)

Santiago	(A Coruña)
Boiro	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)
Santa Comba	(A Coruña)
Biduido – Ames	(A Coruña)
Ribeira	(A Coruña)
Brión	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)
Boqueixón	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)

Comisión Delegada nº 5

(123)	IES Eduardo Pondal
(137)	IES de Arzúa
(144)	IES Félix Muriel
(177)	IES Plurilingüe de Ames
(193)	IES Lamas de Abade
(414)	IES Castro Aobre
(416)	IES Manuel García Barros
(446)	IES Armando Cotarelo Valedor
(461)	IES Francisco Asorey
(465)	IES Laxeiro
(471)	IES Pintor Colmeiro
(518)	CPR Plurilingüe La Salle
(523)	CPR Galaxia
(983)	EFAG El Piñeiral

Facultade de Dereito (Santiago)

Santiago	(A Coruña)
Arzúa	(A Coruña)
Rianxo	(A Coruña)
Ames	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)
Vilagarcía de Arousa	(Pontevedra)
A Estrada	(Pontevedra)
Vilagarcía de Arousa	(Pontevedra)
Cambados	(Pontevedra)
Lalín	(Pontevedra)
Silleda	(Pontevedra)
Santiago	(A Coruña)
Ribeira	(A Coruña)
Arzúa	(A Coruña)

Facultade de CC. Económicas e Empresariais (CD 2 e 4)

Campus Universitario Norte, Avda. Xoan XXIII Tel. 981.56.31.00 ext. 11513 Fax. 981.56.36.37

Comisión Delegada nº 2

(110)	IES de Melide
(126)	IES nº 1 de Ordes
(130)	IES Plurilingüe Fontexería
(135)	IES Arcebispo Xelmírez II
(153)	IES de Curtis
(164)	IES Campo de San Alberto
(166)	IES Espiñeira
(454)	IES Fermín Bouza Brey
(476)	IES de Valga
(541)	CPR Plurilingüe Compañía de María
(810)	CPR Plurilingüe María Inmaculada
(902)	CIFP Compostela
(940)	CIFP Santiago

Facultade de Económicas (Santiago)

Melide	(A Coruña)
Ordes	(A Coruña)
Muros	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)
Curtis	(A Coruña)
Noia	(A Coruña)
Boiro	(A Coruña)
Vilagarcía de Arousa	(Pontevedra)
Valga	(Pontevedra)
Santiago	(A Coruña)
Silleda	(Pontevedra)
Santiago	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)

Comisión Delegada nº 4

(114)	IES Plurilingüe Rosalía de Castro
(117)	IES da Pobra do Caramiñal
(150)	IES Xulián Magariños
(175)	IES de Cacheiras
(176)	IES de Porto do Son
(189)	IES Maclás o Namorado
(191)	IES As Fontiñas
(438)	IES Aquis Celenis
(464)	IES Antón Losada Diéguez
(475)	IES Marco do Camballón
(914)	CIFP Coroso
(982)	Escola Oficial Náutico Pesqueira
(999)	CPR Premir

Facultade de Económicas (Santiago)

Santiago	(A Coruña)
Pobra do Caramiñal	(A Coruña)
Negreira	(A Coruña)
Teo	(A Coruña)
Porto do Son	(A Coruña)
Padrón	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)
Caldas de Reis	(A Coruña)
A Estrada	(Pontevedra)
Vila de Cruces	(Pontevedra)
Ribeira	(A Coruña)
Ribeira	(A Coruña)
Santiago	(A Coruña)



A CORUÑA

Facultade de Informática (CD 6 e 7)

Campus de Elvira Tel. 981.16.70.00 ext. 1283 Fax. 981.16.71.60

Comisión Delegada nº 6

Facultade de Informática (A Coruña)

(104)	IES Monelos	A Coruña	(A Coruña)
(115)	IES Francisco Aguiar	Betanzos	(A Coruña)
(119)	IES Elv Plurilingüe Elviña	A Coruña	(A Coruña)
(138)	IES Rafael Puga Ramón	A Coruña	(A Coruña)
(143)	IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas	Oleiros	(A Coruña)
(165)	IES María Casares	Oleiros	(A Coruña)
(168)	IES Fernando Wirtz Suárez	A Coruña	(A Coruña)
(510)	CPR Santa María del Mar	A Coruña	(A Coruña)
(511)	CPR Santo Domingo	A Coruña	(A Coruña)
(547)	CPR Plurilingüe Esclavas Sagrado Corazón	A Coruña	(A Coruña)
(936)	CPR Novacaixagalicia	A Coruña	(A Coruña)
(973)	CPR Castelao	A Coruña	(A Coruña)

Comisión Delegada nº 7

Facultade de Informática (A Coruña)

(101)	IES Salvador de Madariaga	A Coruña	(A Coruña)
(103)	IES Agra do Orzán	A Coruña	(A Coruña)
(105)	IES Ramón Menéndez Pidal	A Coruña	(A Coruña)
(128)	IES Manuel Murguía	Arteixo	(A Coruña)
(173)	IES Isidro Parga Pondal	Carballo	(A Coruña)
(178)	IES Agra de Leborís	A Laracha	(A Coruña)
(180)	IES de Sabón	Arteixo	(A Coruña)
(181)	IES As Mariñas	Betanzos	(A Coruña)
(198)	IES Miraflores	Oleiros	(A Coruña)
(502)	CPR Cristo Rey	A Coruña	(A Coruña)
(505)	CPR L Plurilingüe Liceo La Paz	A Coruña	(A Coruña)
(508)	CPR Plurilingüe Salesianos San Juan Bosco	A Coruña	(A Coruña)
(528)	CPR Plurilingüe Montespiño	Culleredo	(A Coruña)
(904)	CIFP Ánxel Casal – Monte Alto	A Coruña	(A Coruña)
(934)	CPR Proden	A Coruña	(A Coruña)
(935)	CPR Cruz Roja Española	A Coruña	(A Coruña)
(937)	CPR López Vicuña	A Coruña	(A Coruña)
(972)	CPR Tomás Barros	A Coruña	(A Coruña)



Facultade de Filoloxía (CD 8 e 9)

Campus da Zapateira

Tel. 981.16.70.00 ext. 1713.

Fax. 981.16.71.51

Comisión Delegada nº 8

(106)	IES Alfredo Brañas
(141)	IES Plurilingüe Rafael Dieste
(151)	IES Isaac Díaz Pardo
(182)	IES Alfonso X O Sabio
(183)	IES Monte Neme
(186)	IES Urbano Lugris
(501)	CPR Plurilingüe Compañía de María
(503)	CPR Montegrande
(506)	CPR Plurilingüe Peñarredonda
(512)	CPR Obradoiro
(515)	CPR Rias Altas
(527)	CPR Fogar de Santa Margarida
(532)	CPR Nuestra Señora del Carmen
(538)	CPR Calasanz - PP Escolapios
(546)	CPR Calasancias
(901)	EFAG Fonteboa
(910)	CIFP Paseo das Pontes

Facultade de Filoloxia (A Coruña)

Carballo	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
Sada	(A Coruña)
Cambre	(A Coruña)
Carballo	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
Culleredo	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
Betanzos	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
Coristanco	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)

Comisión Delegada nº 9

(102)	IES Plurilingüe Eusebio da Guarda
(118)	IES Monte das Moas
(124)	IES Universidade Laboral
(132)	IES A Sardiñeira
(146)	IES Plurilingüe Adormideras
(155)	IES de Ponteceso
(162)	IES David Buján
(194)	EPAPU Eduardo Pondal
(504)	CPR La Grande Obra de Atocha
(509)	CPR Eirís
(537)	CPR Plurilingüe Hijas de Cristo Rey
(548)	CPR Sagrado Corazón
(905)	CIFP Someso
(932)	IES de Imaxe e Son
(986)	Escola de Arte "Pablo Picasso"

Facultade de Filoloxia (A Coruña)

A Coruña	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
Culleredo	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
Ponteceso	(A Coruña)
Cambre	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
Oleiros	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)
A Coruña	(A Coruña)

FERROL

Escola Politécnica Superior (CD 10)

Campus de Esteiro Tel. 981.33.74.00 ext. 3363 Fax. 981.33.74.10

Comisión Delegada nº 10

Escola Politécnica Superior (Ferrol)

(120)	IES Breamo	Pontedeume	(A Coruña)
(121)	IES Saturnino Montojo	Ferrol	(A Coruña)
(125)	IES Canido	Ferrol	(A Coruña)
(127)	IES Cabo Ortegal	Cariño	(A Coruña)
(133)	IES de Fene	Fene	(A Coruña)
(147)	IES Ricardo Carballo Calero	Ferrol	(A Coruña)
(158)	IES Fraga do Eume	Pontedeume	(A Coruña)
(161)	IES Fernando Esquíó	Neda	(A Coruña)
(195)	EPAPU Santa María de Caranza	Ferrol	(A Coruña)
(514)	CPR Tirso de Molina	Ferrol	(A Coruña)
(915)	CIFP Ferrolterra	Ferrol	(A Coruña)
(984)	Escola Náutico – Pesqueira	Aneiros – Ferrol	(A Coruña)

Escola Universitaria Politécnica (C.D 11)

Aneiros, s/n – Campus de Serantes Tel. 981.33.74.00 ext. 3028 Fax. 981.33.74.01

Comisión Delegada nº 11

Escola Universitaria Politécnica (Ferrol)

(108)	IES Concepción Arenal	Ferrol	(A Coruña)
(109)	IES Sofía Casanova	Ferrol	(A Coruña)
(131)	IES Punta Candieira	Cedeira	(A Coruña)
(136)	IES As Telleiras	Narón	(A Coruña)
(142)	IES de Mugaros	Mugaros	(A Coruña)
(152)	IES Moncho Valcarce	As Pontes de G ^a . Rodríguez	(A Coruña)
(157)	IES Terra de Trasancos	Narón	(A Coruña)
(187)	IES Leixa	Ferrol	(A Coruña)
(907)	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	Ferrol	(A Coruña)
(994)	IES Castro de Uz	As Pontes de G ^a . Rodríguez	(A Coruña)

Facultade de Administración e Dirección de Empresas (CD 12)

Avda. Alfonso X El Sabio, s/n (Polígono de Fingoi) Tel. 982.824.430 Fax. 982.824.416

Comisión Delegada nº 12 Escola Univ. Estudos Empresariais (Lugo)

(201)	IES Lucus Augusti	Lugo	(Lugo)
(203)	IES Xoán Montes	Lugo	(Lugo)
(205)	IES Lama das Quendas	Chantada	(Lugo)
(207)	IES Santiago Basanta Silva	Vilalba	(Lugo)
(213)	IES Ánxel Fole	Lugo	(Lugo)
(214)	IES de Becerreá	Becerreá	(Lugo)
(215)	IES Plurilingüe Fontem Albei	A Fonsagrada	(Lugo)
(218)	IES Poeta Díaz Castro	Guitiriz	(Lugo)
(220)	IES de Monterroso	Monterroso	(Lugo)
(223)	IES Sanxillao	Lugo	(Lugo)
(224)	IES de Palas de Rei	Palas de Rei	(Lugo)
(225)	IES da Terra Chá, José Trapero Pardo	Castro de Rei	(Lugo)
(240)	EPAPU Albeiros	Lugo	(Lugo)
(241)	IES Río Miño	Rábade	(Lugo)
(602)	CPR Sem. Dioc. Sagrado Corazón	Lugo	(Lugo)
(603)	CPR Fingoi	Lugo	(Lugo)
(604)	CPR Galén	Lugo	(Lugo)
(981)	CFEA Alta Montaña	Becerreá	(Lugo)
(988)	Escola de Arte "Ramón Falcón"	Lugo	(Lugo)

Facultade de Humanidades (CD 13)

Complejo docente do Campus de Lugo Tel. 982.824.700 Fax. 982.824.707

Comisión Delegada nº 13. Facultade de Humanidades (Lugo)

(202)	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	Lugo	(Lugo)
(204)	IES Río Cabe	Monforte de Lemos	(Lugo)
(209)	IES San Rosendo	Mondoñedo	(Lugo)
(210)	IES Xograr Afonso Gómez	Sarria	(Lugo)
(217)	IES Pedregal de Irimia	Meira	(Lugo)
(227)	IES Francisco Daviña Rey	Monforte de Lemos	(Lugo)
(232)	IES Enrique Muruais	A Pontenova	(Lugo)
(233)	IES Val do Asma	Chantada	(Lugo)
(234)	IES Muralla Romana	Lugo	(Lugo)
(235)	IES As Mercedes	Lugo	(Lugo)
(236)	IES Leiras Pulpeiro	Lugo	(Lugo)
(237)	IES A Pinguela	Monforte de Lemos	(Lugo)
(238)	IES Gregorio Fernández	Sarria	(Lugo)
(239)	IES Lois Peña Novo	Vilalba	(Lugo)
(601)	CPR San José	Lugo	(Lugo)
(906)	CIFP Politécnico de Lugo	Lugo	(Lugo)
(943)	CPR Dioptra	Lugo	(Lugo)
(970)	CPR TIC	Lugo	(Lugo)

Viveiro - IES Vilar Ponte (CD 14)

Rúa Antonio Ledesma, 56 Tel. 982.56.07.84 Fax. 982.56.07.83

Comisión Delegada nº 14

(122) IES de Ortigueira
 (206) IES Dionisio Gamallo Fierros
 (208) IES Vilar Ponte
 (211) IES de Foz
 (212) IES Monte Castelo
 (229) IES Marqués de Sargadelos
 (230) IES Perdouro
 (231) IES María Sarmiento
 (968) CIFP Porta da Auga

IES Vilar Ponte (Viveiro)

Ortigueira (A Coruña)
 Ribadeo (Lugo)
 Viveiro (Lugo)
 Foz (Lugo)
 Burela (Lugo)
 Cervo (Lugo)
 Burela (Lugo)
 Viveiro (Lugo)
 Ribadeo (Lugo)

OURENSE

Facultade de Dereito (CD 15)

Campus As Lagoas, s/n Tel. 988.36.87.00 Fax. 988.36.89.23

Comisión Delegada nº 15

(301) IES Eduardo Blanco Amor
 (304) IES de Ribadavia
 (307) IES As Lagoas
 (310) IES O Couto
 (314) IES de Allariz
 (317) IES Xesús Ferro Couselo
 (324) IES Cidade de Antioquía
 (702) CPR Malvedo
 (908) CIFP A Farixa
 (909) CIFP Portovello
 (947) CPR GAP

Facultade de Dereito (Ourense)

Ourense (Ourense)
 Ribadavia (Ourense)
 Ourense (Ourense)
 Ourense (Ourense)
 Allariz (Ourense)
 Ourense (Ourense)
 Xinzo de Limia (Ourense)
 Ourense (Ourense)
 Ourense (Ourense)
 Ourense (Ourense)
 Ourense (Ourense)

Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (CD 16)

Campus As Lagoas, s/n Tel. 988.36.87.00 Fax. 988.36.89.23

Comisión Delegada nº 16

Fac. de Ciencias Empresariais e Turismo (Ourense)

(306)	IES nº 1 de O Carballiño	O Carballiño	(Ourense)
(308)	IES de Celanova	Celanova	(Ourense)
(309)	IES Universidade Laboral	Ourense	(Ourense)
(311)	IES Lagoa de Antela	Xinzo de Limia	(Ourense)
(318)	IES Aquis Querquernis	Bande	(Ourense)
(325)	IES 12 de Outubro	Ourense	(Ourense)
(327)	IES Manuel Chamoso Lamas	O Carballiño	(Ourense)
(703)	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	Ourense	(Ourense)
(704)	CPR Padre Feijoo Zorelle	Ourense	(Ourense)
(713)	CPR Plurilingüe Divina Pastora	Ourense	(Ourense)
(966)	CPR Caixanova	Ourense	(Ourense)
(980)	IES Vilamarín	Vilamarín	(Ourense)
(989)	Escola de Arte "Antonio Failde"	Ourense	(Ourense)

Facultade de Historia (CD 17)

Edificio Facultades, s/n (Campus As Lagoas) Tel. 988.38.71.01 Fax. 988.38.71.59

Comisión Delegada nº 17

Facultade de Historia(Ourense)

(302)	IES Ramón Otero Pedrayo	Ourense	(Ourense)
(305)	IES Xesús Taboada Chivite	Verín	(Ourense)
(319)	IES San Mamede	Maceda	(Ourense)
(320)	IES Julio Prieto Nespereira	Ourense	(Ourense)
(328)	IES A Carballeira	Ourense	(Ourense)
(331)	IES García - Barbón	Verín	(Ourense)
(332)	EPAPU de Ourense	Ourense	(Ourense)
(706)	CPR Plurilingüe Santa María	Ourense	(Ourense)
(707)	CPR Santa Teresa de Jesús	Ourense	(Ourense)
(711)	CPR Seminario Menor Diocesano A Inmaculada	Ourense	(Ourense)
(928)	CIFP A Carballeira – Marcos Valcarcel	Ourense	(Ourense)
(948)	CPR San Marcos	Ourense	(Ourense)

A RUA - IES Cosme López Rodríguez (CD 18)

Rúa Vicente Risco, s/n Tel. 988.31.08.33 Fax. 988.31.08.33

Comisión Delegada nº 18

IES Cosme López Rodríguez (A Rúa)

(219)	IES de Quiroga	Quiroga	(Lugo)
(303)	IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	(Ourense)
(312)	IES Xermán Ancochea Quevedo	Trives	(Ourense)
(313)	IES Carlos Casares	Viana do Bolo	(Ourense)
(315)	IES Cosme López Rodríguez	A Rúa	(Ourense)
(326)	IES Lauro Olmo	O Barco de Valdeorras	(Ourense)
(710)	CPR Pablo VI Fátima	A Rúa	(Ourense)



Facultade de Filoloxía e Tradución (CD 19)

Campus As Lagoas, s/n – Marcosende Tel. 986.812.251 Fax. 986.812.380

Comisión Delegada nº 19

(405)	IES Pino Manso
(406)	IES Mendiño
(435)	IES Auga da Laxe
(439)	IES de Chapela
(447)	IES Primeiro de marzo
(456)	IES Escolas Proval
(457)	IES de Tomiño
(459)	IES de Mos
(463)	IES A Paralaia
(470)	IES de Salvaterra de Miño
(472)	IES Francisco Sánchez
(478)	EPAPU Berbés
(801)	CPR Apóstol Santiago
(814)	CPR Santiago Apóstol
(817)	CPR Rosalía de Castro
(818)	CPR Centro de Estudos Marcote
(819)	CPR Cemar
(823)	CPR Plurilingüe Miralba
(911)	CIFP Manuel Antonio
(995)	Escuela de Artes Aula D

Fac. Filoloxía e Tradución (Vigo)

O Porriño	(Pontevedra)
Redondela	(Pontevedra)
Gondomar	(Pontevedra)
Chapela	(Pontevedra)
Baiona	(Pontevedra)
Nigrán	(Pontevedra)
Tomiño	(Pontevedra)
Mos	(Pontevedra)
Moaña	(Pontevedra)
Salvaterra de Miño	(Pontevedra)
Tui	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Soutomaior	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Cabral-Vigo	(Pontevedra)
Mondariz-Balneario	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (CD 20)

Campus As Lagoas, s/n – Marcosende Tel. 986.81.25.46 Fax. 986.812.401

Comisión Delegada nº 20

(404)	IES María Soliño
(410)	IES A Guía
(415)	IES Val do Tea
(424)	IES Carlos Casares
(427)	IES República Oriental do Uruguai
(432)	IES Rosais 2
(443)	IES Pazo da Mercé
(451)	IES Ribeira do Louro
(452)	IES Politécnico de Vigo
(469)	IES Pedro Floriani
(803)	CPR Los Sauces
(811)	CPR Plurilingüe Las Acacias
(824)	CPR Mariano
(829)	CPR Vigo
(930)	CPR Aloya
(950)	Instituto Marítimo Pesqueiro do Atlántico
(951)	CIFP de Coia
(953)	CPR Esica
(958)	CPR Hogar Caixanova
(959)	CPR Vivas

Fac. Ciencias Económicas e Empresariais (Vigo)

Cangas	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Ponteareas	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
As Neves	(Pontevedra)
O Porriño	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Redondela	(Pontevedra)
Mos	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Redondela	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)
Vigo	(Pontevedra)



(961)	CPR CEBEM	Vigo	(Pontevedra)
(965)	EFAG A Cancela	As Neves	(Pontevedra)
(977)	IES Audiovisual de Vigo	Vigo	(Pontevedra)
(985)	CPR Daniel Castelao	Vigo	(Pontevedra)
(990)	CADFS Constantino Castro Ruso	Sanxenxo	(Pontevedra)

Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións (CD 21)

Campus As Lagoas, s/n – Marcosende Tel. 986.812.100 Fax. 986.812.116

Comisión Delegada nº 21

Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións (Vigo)

(408)	IES San Tomé de Freixeiro	Vigo	(Pontevedra)
(409)	IES Castelao	Vigo	(Pontevedra)
(413)	IES San Paio	Tui	(Pontevedra)
(431)	IES As Barxas	Moaña	(Pontevedra)
(433)	IES de Coruxo	Vigo	(Pontevedra)
(437)	IES A Sangriña	A Guarda	(Pontevedra)
(445)	IES do Castro	Vigo	(Pontevedra)
(455)	IES Pedra da Auga	Ponteareas	(Pontevedra)
(805)	CPR Plurilingüe Montecastelo	Vigo	(Pontevedra)
(807)	CPR Plurilingüe Compañía de María	Vigo	(Pontevedra)
(813)	CPR Marcote	Vigo	(Pontevedra)
(821)	CPR Plurilingüe Lar	Mos	(Pontevedra)
(833)	CPR San José de Cluny	Vigo	(Pontevedra)
(991)	CIFP A Granxa	Ponteareas	(Pontevedra)

Fac. de Ciencias Xurídicas e do Traballo (CD 22)

Campus As Lagoas, s/n – Marcosende Tel. 986.814.010 Fax. 986.814.011

Comisión Delegada nº 22

Fac. de Ciencias Xurídicas e do Traballo (Vigo)

(407)	IES Santa Irene	Vigo	(Pontevedra)
(417)	IES Alexandre Bóveda	Vigo	(Pontevedra)
(420)	IES Val Miñor	Nigrán	(Pontevedra)
(421)	IES Álvaro Cunqueiro	Vigo	(Pontevedra)
(429)	IES da Cañiza	A Cañiza	(Pontevedra)
(430)	IES de Beade	Vigo	(Pontevedra)
(448)	IES de Rodeira	Cangas	(Pontevedra)
(453)	IES Ricardo Mella	Vigo	(Pontevedra)
(474)	IES de Teis	Vigo	(Pontevedra)
(808)	CPR María Auxiliadora	Vigo	(Pontevedra)
(809)	CPR Plurilingüe Amor de Dios	Vigo	(Pontevedra)
(832)	CPR Plurilingüe María Inmaculada	Vigo	(Pontevedra)
(834)	CPR Plurilingüe San Miguel 2	Vigo	(Pontevedra)
(955)	CPR Sanitex	Vigo	(Pontevedra)
(957)	CPR Povisa	Vigo	(Pontevedra)
(960)	CPR San José de la Guía	Vigo	(Pontevedra)

PONTEVEDRA

Facultade de Ciencias Sociais (CD 23)

Campus A Xunqueira, s/n Tel. 986.801.999 Fax. 986.801.980

Comisión Delegada nº 23.

(401)	IES Sánchez Cantón
(403)	IES Ramón Cabanillas
(412)	IES Illa de Tambo
(418)	IES A Xunqueira I
(426)	IES de Vilalonga
(428)	IES A Xunqueira II
(436)	IES Johan Carballeira
(440)	IES Gonzalo Torreste Ballester
(444)	IES Chano Piñeiro
(450)	IES Luís Seoane
(479)	EPAPU Nelson Mandela
(812)	CPR Sagrado Corazón de Jesús
(822)	CPR Sek-Atlántico

Facultade de Ciencias Sociais

Pontevedra	(Pontevedra)
Cambados	(Pontevedra)
Marín	(Pontevedra)
Pontevedra	(Pontevedra)
Sanxenxo	(Pontevedra)
Pontevedra	(Pontevedra)
Bueu	(Pontevedra)
Pontevedra	(Pontevedra)
Forcarei	(Pontevedra)
Monteporreiro	(Pontevedra)
A Lama	(Pontevedra)
Pontevedra	(Pontevedra)
Poio	(Pontevedra)

EU de Enxeñaría Técnica Forestal (CD 24)

Campus A Xunqueira, s/n Tel. 986 – 801.900 Fax. 801.907

Comisión Delegada nº 24

(402)	IES Valle-Inclán
(423)	IES Miguel Ángel González Estévez
(425)	IES Monte da Vila
(434)	IES A Basella
(449)	IES Frei Martín Sarmiento
(458)	IES Chan do Monte
(460)	IES de Poio
(466)	IES de Ponte Caldelas
(477)	EPAPU Río Lérez
(806)	CPR San Narciso
(820)	CPR Los Sauces
(912)	CIFP A Xunqueira
(963)	CIFP Carlos Oroza
(964)	IES Montecelo
(974)	CFEA de Lourizán
(976)	Instituto Galego de Formación en Acuicultura

EU de Enxeñaría Técnica Forestal

Pontevedra	(Pontevedra)
Carril	(Pontevedra)
O Grove	(Pontevedra)
Vilanova de Arousa	(Pontevedra)
Pontevedra	(Pontevedra)
Marín	(Pontevedra)
Poio	(Pontevedra)
Ponte Caldelas	(Pontevedra)
Pontevedra	(Pontevedra)
Marín	(Pontevedra)
Pontevedra	(Pontevedra)
Pontevedra	(Pontevedra)
Pontevedra	(Pontevedra)
Pontevedra	(Pontevedra)
Lourizán	(Pontevedra)
Illa de Arousa	(Pontevedra)



Colexio Santiago Apóstol (CD 25)

Rúa Luis Braille, 5 Tel. 986 - 85.62.00 Fax. 85.78.66

Comisión Delegada nº 25

ONCE (Pontevedra)

Cee – IES Agra de Raíces (CD 26)

Rúa Buenaventura Castro Rial, s/n Tel. 981 – 74.59.50 Fax. 74.58.25

Comisión Delegada nº 26

IES Agra de Raíces (Cee)

(107)	IES Agra de Raíces	Cee	(A Coruña)
(154)	IES Terra de Soneira	Vimianzo	(A Coruña)
(163)	IES Maximino Romero de Lema	Baio-Zas	(A Coruña)
(167)	IES Fernando Blanco	Cee	(A Coruña)



ANEXO III HORARIO DA PAU

PRIMEIRO DÍA	PRIMEIRA PARTE DA PROBA
---------------------	--------------------------------

MAÑÁ

9,00 h Presentación
 10,00 h **Lingua Castelá e Literatura**
 11,30 h Descanso
 12,15 h **Historia de España**
 Historia da Filosofía
 13,45 h Fin sesión

TARDE

16,00 h **Lingua Galega e Literatura**
 17,30 h Descanso
 18,15 h **Lingua Estranxeira**
 19,45 h Fin sesión

SEGUNDO DÍA	SEGUNDA PARTE DA PROBA
--------------------	-------------------------------

MAÑÁ

9,00 h **Matemáticas II**
 Grego II
 Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica
 10,30 h Descanso
 11,15 h **Ciencias da Terra e Ambientais**
 Literatura Universal
 Deseño
 12,45 h Descanso
 13,30 h **Química**
 Latín II
 Debuxo Artístico II
 15,00 h Fin sesión

TARDE

16,30 h **Bioloxía**
 Historia da Arte
 18,00 h Descanso
 18,45 h **Electrotecnia**
 Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais
 Artes Escénicas
 20,15 h Fin sesión

TERCEIRO DÍA	SEGUNDA PARTE DA PROBA
---------------------	-------------------------------

MAÑÁ

9,00 h **Física**
 Xeografía
 Análise Musical II
 10,30 h Descanso
 11,15 h **Tecnoloxía Industrial II**
 Economía da Empresa
 12,45 h Descanso
 13,30 h **Debuxo Técnico II**
 Historia da Música e da Danza
 15,00 h Fin sesión